

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

9896 *Lei 17/2014, do 30 de setembro, pola que se adoptan medidas urxentes en materia de refinanciamento e reestruturación de débeda empresarial.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

I

Con frecuencia, empresas realmente viables desde un punto de vista operativo (é dicir, susceptibles de xeraren beneficios no seu negocio ordinario) tornáronse en inviables desde un punto de vista financeiro. Perante esta situación existen dúas alternativas: ou ben liquidar a empresa no seu conxunto ou ben saneala desde un punto de vista financeiro co fin de que a débeda remanente sexa soportable, o que permite así que a empresa siga atendendo os seus compromisos no tráfico económico, xerando riqueza e creando postos de traballo. Parece evidente que a segunda alternativa é preferible á primeira, polo que, en consecuencia, é obrigación dos poderes públicos adoptar medidas favorecedoras do alivio de carga financeira ou «desapancamento».

Esa é precisamente a finalidade desta lei, que se debe conxugar co máximo respecto ás lexítimas expectativas dos acredores, os cales deberán participar activamente e coas máximas garantías nestes procedementos de alivio de carga financeira.

Trátase, en definitiva, de favorecer tamén para eles que unha expectativa incerta de cobramento dunha cantidade elevada (en termos de capacidade de pagamento do debedor) se torne nunha certeza razoable de cobramento dunha cantidade máis reducida ou suxeita a unha maior espera. Trátase de favorecer tamén os mecanismos para que a débeda se poida transformar en capital.

Soamente mediante o alivio da débeda insostible será posible lograr que volva fluír o crédito, concibido non tanto como panca senón como verdadeiro motor da economía, posto que o crédito é indispensable para atender os desfases entre cobramentos e pagamentos propios do xiro empresarial e para acometer os investimentos verdadeiramente produtivos, sempre –claro está– que a débeda correspondente sexa soportable.

II

Nos dous últimos anos atendéronse, por orde de urxencia, as necesidades específicas de alivio de carga e desendebedamento dos diversos sectores demandantes de crédito da economía española.

As primeiras medidas, as máis urxentes e quizais as máis intensas foron as adoptadas en materia de débeda hipotecaria por adquisición de vivenda. Así, xa desde marzo de 2012 se adoptaron medidas relevantes tendentes a paliar a difícil situación en que se encontraban os debedores máis vulnerables. As medidas adoptadas desde entón no Real decreto lei 6/2012, do 9 de marzo, de medidas urxentes de protección de debedores hipotecarios sen recursos; no Real decreto lei 27/2012, do 15 de novembro, de medidas urxentes para reforzar a protección aos debedores hipotecarios, e na Lei 1/2013, do 14

de maio, de medidas para reforzar a protección aos debedores hipotecarios, reestruturación de débeda e alugamento social, permitiron dar unha resposta equilibrada respecto a este conxunto de debedores.

Con posterioridade, a Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización, abordou unha serie de medidas destinadas a beneficiar todo tipo de empresas e os empresarios autónomos, entre as cales destacan, entre outras, a regulación da figura do emprendedor de responsabilidade limitada, a creación da sociedade limitada de formación sucesiva e a introdución dun mecanismo de negociación extraxudicial de débedas de empresarios, xa foren persoas físicas ou xurídicas.

Este é o momento para acometer medidas principalmente destinadas á reestruturación viable da débeda empresarial. En efecto, unha vez realizada a necesaria reestruturación do sector financeiro e saneados os balances bancarios, as entidades de crédito e os demais acredores financeiros poden e deben contribuír ao saneamento das empresas que, malia o seu elevado endebedamento, seguen sendo produtivas.

III

O paradoxal do caso é que, na actualidade, a dificultade para alcanzar acordos entre debedor e acredores financeiros deriva non tanto da falta de vontade das partes senón de certas rixideces presentes principalmente na normativa concursal e preconcursal.

O procedemento concursal español conclúe nun alto número de casos na liquidación do debedor, de modo que a fase preconcursal resulta verdadeiramente determinante para a reestruturación financeira das empresas. Para estes efectos, os acordos de refinanciamento son os instrumentos máis adecuados para o establecemento de novos calendarios de amortización e condicións financeiras máis acordes coa situación do mercado e das empresas, a cambio de quitacións, esperas e capitalizacións das débedas.

Por isto, a presente reforma céntrase na mellora do marco legal preconcursal dos acordos de refinanciamento por constituír unha das áreas estratexicamente máis relevantes na medida en que, froito do consenso entre o debedor e os seus acredores, pretenden a maximización do valor dos activos, evitando o concurso da entidade e a redución ou aprazamento dos pasivos.

Para eliminar incertezas legais introducíronse en España os acordos colectivos de refinanciamento, así como a súa homologación xudicial. Estes mecanismos outorgan protección legal aos acordos alcanzados por unha maioría suficiente de acredores de modo que, no eventual suposto dun concurso, as operacións nel incorporadas non estean suxeitas a rescisión e, se for o caso, poidan estender determinados efectos a acredores disidentes ou non partícipes.

Neste punto, detectáronse unha serie de limitacións no potencial contido dos acordos de refinanciamento, as cales están truncando a eficacia e seguridade xurídica necesarias para acometer reestruturacións financeiras nas empresas. Por isto, resultan pertinentes medidas que contribúan a garantir o mantemento destes valores.

Antes de entrar no detalle das modificacións que se introducen, convén precisar que todas elas buscan, en definitiva, a finalidade de mellora da posición patrimonial do debedor, medida, á fin, na proporción que representan os seus activos sobre os seus pasivos exixibles e, dentro deles, na parte apta para atender o cumprimento das súas obrigacións máis inmediatas. Deste modo asegúrase que todas estas accións non prexudican un eventual concurso de acredores, xa sexa porque o perigo do dito concurso se afasta definitivamente (o cal é o máis desexable), xa sexa porque as actuacións previas ao concurso non prexudicaron a situación patrimonial do debedor.

Por este motivo, sempre que os acordos reúnan os requisitos previstos nesta lei non se verán sometidos ao risco de rescindibilidade que tanto retraeu até agora a actuación das partes en fase preconcursal.

IV

A parte dispositiva desta lei consta dun único artigo, en virtude do cal se modifican varios preceptos da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.

Así, en primeiro lugar, modifícase o artigo 5 bis permitindo que a presentación da comunicación de iniciación de negociacións para alcanzar determinados acordos poida suspender, durante o prazo previsto para levalas a efecto, as execucións xudiciais de bens que resulten necesarios para a continuidade da actividade profesional ou empresarial do debedor. Tamén se permite a suspensión do resto de execucións singulares promovidas polos acredores financeiros, a que se refire a disposición adicional cuarta, sempre que se xustifique que unha porcentaxe non inferior ao 51 por cento de acredores de pasivos financeiros apoiou expresamente o inicio das negociacións encamiñadas á subscripción do correspondente acordo de refinanciamento. Quedan excluídos da suspensión, en todo caso, os procedementos que teñan a súa orixe en créditos de dereito público. Preténdese, deste modo, que o artigo 5 bis fomente unha negociación eficaz sen acelerar a situación de insolvencia do debedor por razón dunha precipitada execución de garantías sobre determinados bens.

Tamén se introducen varios cambios no título II da lei, que regula o réxime da administración concursal. En primeiro lugar, establécense as directrices que deberán guiar o novo sistema de requisitos para exercer como administrador concursal e que ten como obxectivo asegurar que as persoas que desempeñen as funcións de administrador concursal contén coas aptitudes e coñecementos suficientes. Neste ámbito, destaca como novidade a posibilidade de exixir a superación de probas ou cursos específicos e a creación dunha sección cuarta de administradores concursais e auxiliares delegados no Rexistro Público Concursal, onde se deberán inscribir todas as persoas físicas e xurídicas que cumpran cos requisitos que se exixan, especificando o ámbito territorial en que estean dispostas a exercer os seus labores de administración concursal.

En segundo lugar, refórmase o sistema de designación da administración concursal, cuxo funcionamento será desenvolvido mediante regulamento. Establécense como piares do novo sistema a sección cuarta do Rexistro Público Concursal, que substitúe as actuais listas nos decanatos dos xulgados, e a clasificación dos concursos en función do seu tamaño. Esta clasificación pretende aproximar, a través do tamaño, a complexidade que cabe esperar do concurso para poder modular os requisitos exixidos á administración concursal. Así mesmo, recompílanse nun novo artigo as funcións que os administradores xa teñen atribuídas actualmente na lei e que se deberán exercer atendendo ás singularidades propias de cada tipo de procedemento e en función da concreta fase concursal ás cales resulten de aplicación.

En terceiro lugar, introdúcense modificacións nos principios reitores da remuneración da administración concursal. Incorpórase o principio de eficiencia, que pretende asegurar que a remuneración da administración concursal teña en conta a calidade e os resultados do seu traballo. Deste modo, perséguese que o arancel non só sexa un mecanismo de retribución, senón tamén un mecanismo de incentivos que fomente a calidade, a dilixencia e a axilidade da administración concursal.

Por outro lado, acométese unha modificación do artigo 56 para limitar os supostos de suspensión de execución de bens dotados de garantía real a aqueles que resulten necesarios para a continuidade da súa actividade profesional ou empresarial. E é que dentro das facultades que tradicionalmente integran o dereito de propiedade (o *ius utendi*, o *ius fruendi* e o *ius disponendi*), non sempre é necesario que concorran todas elas para que un determinado ben quede afecto á actividade empresarial. En determinados supostos é posible separar a facultade de disposición das de uso e aproveitamento, sen prexuízo ningún para a continuación da actividade produtiva pero con evidente vantaxe para o acredor, que poderá mobilizar antes a súa propia facultade de disposición e que por isto verá diminuídos os custos financeiros necesarios para tal mobilización, o que redundará, en definitiva, en maiores posibilidades de financiamento para o debedor e nunha revalorización dos seus activos. Así pois, as execucións son realmente obstativas da continuación da actividade empresarial cando non se poida realizar esa separación do

dereito de disposición sen detrimento das facultades de uso e aproveitamento da empresa. A modo de exemplo, introdúcese no artigo 56 un suposto en que a dita disociación se pode facer con relativa facilidade sen prexuízo da continuación da actividade: exclúense da suspensión das execucións as accións ou participacións de sociedades destinadas en exclusiva á tenza dun activo e do pasivo necesario para o seu financiamento. Con isto preténdese facilitar o financiamento de activos mediante estruturas e pactos que permitan a eventual realización do ben con conservación por parte do debedor de título suficiente, aínda que sexa meramente obrigacional, para continuar a súa explotación.

A lei concursal volve á sistemática orixinal e regula integramente no artigo 71 as denominadas accións de reintegración.

O que até agora fora recollido no número 6 do dito artigo como suposto de non rescindibilidade recóllese separadamente no artigo 71 bis xunto cun novo suposto.

Así, no número 1 mantense no esencial a regulación do até agora previsto no número 6 do artigo 71, ben que se clarifica a súa extensión, que comprenderá os negocios, actos e pagamentos, calquera que sexa a súa natureza, que permitan a ampliación significativa do crédito ou a modificación ou extinción de obrigacións. Dentro deles están incluídas, tal e como se veu recoñecendo en numerosos pronunciamentos xudiciais, as cesións de bens e dereitos en pagamento ou para pagamento. Adicionalmente, elimínase a necesidade de informe de experto independente, substituíndoa por certificación do auditor de contas acreditativa da concorrencia das maiorías exixidas para a súa adopción.

No número 2 do artigo 71 bis introdúcese un novo suposto no cal os acordos alcanzados se declaran non rescindibles, sen necesidade de alcanzar determinadas maiorías de pasivo, constituíndo, en consecuencia, un «porto seguro» que permita a negociación directa do debedor con un ou máis acredores, sempre que signifiquen simultaneamente unha mellora clara da posición patrimonial do debedor, é dicir, que non comporten unha mingua dos dereitos do resto de acredores non intervenientes. Configúrase deste modo unha posibilidade máis de acordo entre debedor e acredor, que é máis restritiva que a do número 1 do mesmo artigo en canto aos supostos pero máis laxa en canto aos intervenientes. En efecto, se no número 1 se exige a concorrencia dos tres quintos do pasivo pero se fala de forma máis xenérica da mellora de condicións de financiamento, no número 2, a cambio de non requirirse maioría concreta de pasivo, exíxense requisitos moi estritos para que os acordos non sexan tampouco rescindibles por causas distintas ao incumprimento das condicións que o propio artigo establece. Sirva de exemplo a letra c), que implicará en moitos casos por parte do acredor interveniente a liberación de garantías (susceptibles de facilitar novo financiamento), que non resulta necesariamente exixible no caso dos acordos colectivos de refinanciamento.

Ao non ser rescindibles, os acordos que reúnan as condicións do artigo 71 bis non estarán sometidos ás presuncións dos números 2 e 3 do artigo 71 mesmo cando impliquen actos de disposición de activo. Ademais, a lexitimación para o exercicio da acción rescisoria (que só se poderá basear no incumprimento material dos requisitos do artigo 71 bis polos acordos acollidos aparentemente a este) segue estando restrinxida ao administrador concursal e limitada á ausencia de condicións reguladas, respectivamente, nos dous primeiros números do artigo 71 bis. Tamén se limita ao administrador concursal a lexitimación para o exercicio das demais accións de impugnación.

Así mesmo, e como medida para incentivar a concesión de novo financiamento, atribúese con carácter temporal a cualificación de crédito contra a masa á totalidade dos que orixinen novos ingresos de tesouraría, que comprenden os que deriven dun acordo de refinanciamento e os realizados polo propio debedor ou persoas especialmente relacionadas, con exclusión das operacións de aumento de capital. Esta medida adóptase cun carácter extraordinario e temporal para todos os novos ingresos de tesouraría que se produzan no prazo de dous anos desde a entrada en vigor desta lei. Transcorrido o prazo dos dous anos desde a súa concesión, consideraranse crédito contra a masa nos termos indicados no número 2.11.º do artigo 84.

O anterior complementábase cunha modificación do artigo 92, que prevé expresamente que os que adquirisen a condición de socios en virtude da capitalización de débeda acordada no contexto dunha operación de refinanciamento non serán considerados como persoas especialmente relacionadas para efectos de cualificar como subordinado o financiamento por eles outorgado como consecuencia da dita operación.

En conexión directa co réxime de acordos de refinanciamento, acométese unha revisión do réxime de homologación xudicial regulado na disposición adicional cuarta. En particular, amplíase o ámbito subxectivo e esténdese a posibilidade de subscribir este acordo a todo tipo de acredores de pasivos financeiros, excluídos os acredores por operacións comerciais e os acredores de dereito público.

Así mesmo, posibilitábase a extensión aos acredores disidentes ou non participantes non só das esperas, senón tamén, mediante unha porcentaxe de pasivo superior, doutras medidas acordadas no seo do acordo de refinanciamento, como é o caso das quitacións, capitalización de débeda e cesión de bens en pagamento ou para pagamento.

Existen dous elementos novos nesta disposición en relación cos acredores que dispoñan de garantía real. As novidades non afectan tanto a realidade xurídica ou económica subxacente senón os efectos que se atribúen á dita realidade. Precisamente a discrepancia existente até agora entre realidade e efectos ten sido un dos maiores obstáculos á viabilidade destes acordos.

En primeiro lugar, débese recordar que até agora se partía dunha distinción entre debedor con garantía real e debedor sen garantía real, e que o primeiro era practicamente inmune aos acordos homologados salvo no que puidese afectar esperas de duración limitada ou suspensión de execucións. Pero o certo é que non todos os acredores con garantía real son da mesma condición. Ás veces tal circunstancia é un puro nominalismo, posto que a garantía de que se dispón é dun rango posterior a outras preferentes ou pode recaer sobre un activo de moi escaso valor que cobre unha pequena parte da débeda, ou pódense producir ambas as situacións simultaneamente. O relevante, en consecuencia, non é tanto realizar unha distinción subxectiva senón unha distinción obxectiva entre a parte de débeda que está cuberta polo valor real da garantía e aquela que non o está, anticipando en certa medida o que podería ocorrer en caso de liquidación concursal. Deste modo, o concepto determinante é o de valor real da garantía que se define de forma simple no número 2 da disposición adicional cuarta nuns termos totalmente coherentes coa realidade xurídica e económica da referida garantía. A partir de aí, o tratamento da parte de créditos non cubertos pola garantía é o mesmo que se atribúe aos acredores sen garantía real.

A segunda novidade consiste en dar maior relevancia e nitidez a unha distinción que xa está configurada xuridicamente: aquela que se produce entre obrigación principal e obrigación accesoria. Ás veces difumínase a dita distinción, o cal conduce tamén a unha imperfecta regulación dos acordos de refinanciamento. O que ocorreu no tráfico xurídico e económico é que, a pesar de ser unha obrigación accesoria, a garantía adquiriu un valor até certo punto abstraído da obrigación principal, debido á súa progresiva espiritualización, á súa intanxibilidade e á posibilidade de transmisión do obxecto da garantía sen mingua desta. Pero non se pode perder de vista que a garantía o é sempre dunha obrigación principal e que, aínda que o valor da segunda dependa, tamén e entre outros, do valor da primeira, cada unha conserva a súa esencia e características propias. Por isto, se a débeda principal pode ser afectada en caso de non ter cobertura de garantía real polo acordo dunha maioría moi cualificada doutros acredores, a débeda cuberta con garantía real debe poder ser tamén afectada, sempre que o acordo maioritario se adopte, neste caso, con maiorías cualificadas aínda máis elevadas pero computadas sobre o total das garantías, é dicir, por titulares de débeda garantida que se encontren nunha situación similar á do disidente ou non participante no acordo.

En concordancia co anterior, prevese a posibilidade de estender os efectos do acordo a determinados acredores con garantía real e simplifícase o procedemento de homologación, no cal o xuíz coñece directamente da solicitude, para garantir a celeridade e flexibilidade buscada nesta fase preconcursal, e no cal unicamente terá que comprobar

a concorrencia das maiorías exixidas para acordar a homologación. En calquera caso, e co fin de non prexudicar o valor da garantía en caso de incumprimento por parte do debedor, establécense regras especiais de atribución do resultante ao acreedor.

Por outro lado, establécese unha medida destinada a evitar a sobreponderación artificial de determinadas participacións minoritarias en acordos sindicados de financiamento que até a data estaban dificultando enormemente a homologación dalgúns acordos. Deste modo, establécese un límite á porcentaxe de votos favorables no sindicato cando se trata dun acordo global de refinanciamento do debedor. Evítanse, desta maneira, certos comportamentos oportunistas que non buscaban outro beneficio que o ligado á sobrevaloración dun pasivo por parte do resto de acredores que vían así incrementado o seu propio sacrificio.

Establécense, ademais, determinadas medidas destinadas a favorecer a transformación de débeda en capital, rebaixando as maiorías exixibles pola Lei de sociedades de capital e establecendo, coas debidas cautelas e garantías, unha presunción de culpabilidade do debedor que se nega sen causa razoable a executar un acordo de recapitalización.

Débese recordar que as modificacións da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, introducidas nesta lei se circunscriben exclusivamente ao seu ámbito de aplicación e, polo tanto, a lexislación especial seguirá rexendo o concurso de entidades financeiras e as súas situacións preconcursais. Adicionalmente quedan a salvo, entre outras, as previsións do capítulo II do título I do Real decreto lei 5/2005, do 11 de marzo, de reformas urxentes para o impulso á produtividade e para a mellora da contratación pública.

V

A parte final desta lei consta de tres disposicións adicionais, dúas disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e once disposicións derradeiras.

A disposición adicional primeira encoméndalle ao Banco de España que, no prazo dun mes, estableza e faga públicos criterios homoxéneos para a clasificación como risco normal das operacións refinanciadas ou reestruturadas en virtude de acordos de refinanciamento homologados xudicialmente.

A disposición adicional segunda establece o réxime extraordinario dos novos ingresos de tesouraría ao cal se fixo referencia anteriormente.

A disposición adicional terceira refírese ao código de boas prácticas para a reestruturación viable da débeda empresarial que impulsará o Goberno.

A disposición transitoria primeira regula o réxime transitorio dos acordos de refinanciamento que se estean negociando ao abeiro do antigo artigo 71.6 da Lei concursal; e a segunda refírese ao réxime da administración concursal.

Na disposición derogatoria ordénase a derogación de cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta lei.

A disposición derradeira primeira modifica a redacción do artigo 568 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, para adaptar o réxime de suspensión en caso de situacións concursais ou preconcursais ás modificacións introducidas no artigo 5 bis da Lei 22/2003, do 9 de xullo.

A disposición derradeira segunda modifica o texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, e establece a ausencia de tributación nos supostos de capitalización de débedas, salvo que esta fose obxecto dunha adquisición derivativa polo acreedor, por un valor distinto ao nominal desta. Recóllese, así, expresamente na lei un criterio que xa fora admitido pola doutrina administrativa para determinados supostos de capitalización de débedas entre entidades vinculadas.

Así mesmo, co obxecto de establecer un tratamento adecuado á situación económica actual e de evitar que a fiscalidade supoña un obstáculo ás operacións de refinanciamento en xeral, modifícase a Lei do imposto sobre sociedades en relación co tratamento fiscal das rendas derivadas de quitacións e esperas derivadas da aplicación da lei concursal. Así, tendo en conta que ambas as operacións non incrementan a capacidade fiscal das

entidades, establécese un sistema de imputación do ingreso xerado na base impoñible, en función dos gastos financeiros que posteriormente se vaian rexistrando.

A disposición derradeira terceira amplía a exención no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados ás escrituras que conteñan quitacións ou minoracións dos préstamos, créditos e demais obrigacións, facilitando os acordos de refinanciamento ou de pagamento.

A disposición derradeira cuarta, como consecuencia dos acordos adoptados no Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas, celebrado o 18 de decembro de 2013, suprime o número 6 da disposición transitoria primeira da Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias.

A disposición derradeira quinta modifica a Lei 3/2009, do 3 de abril, sobre modificacións estruturais das sociedades mercantís, coa finalidade de suprimir a exigencia de informe dos administradores sobre os proxectos de fusión nos casos de absorción de sociedade participada ao 90 por cento, cando se trate dunha fusión transfronteiriza comunitaria. Un requisito que xa non se recolle no artigo 15.2 da Directiva 2005/56/CE, despois da súa modificación pola Directiva 2009/109/CE, no que se refire ás obrigacións de información e documentación no caso das fusións e escisións.

A disposición derradeira sexta introduce unha modificación do último parágrafo do número 1 do artigo 9 da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Esta redacción procede da Lei 11/2013, do 26 de xullo, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, e contiña como innovación importante o establecemento dun parámetro dentro do cal serían válidas as modificacións do xuro legal de demora. Desta forma, estableceuse que sería abusivo o xuro pactado cando sexa un 70 por cento inferior ao xuro legal de demora. Esta redacción fixo xurdir a dúbida de se as administracións públicas se poderían acoller a estas rebaixas do tipo de xuro de demora, interpretación que a Comisión Europea rexeita de plano e que é compartida polo Goberno. Por isto, é urxente aclarar que as administracións públicas non poden modificar o tipo de xuro de demora establecido na Lei 3/2004, do 29 de decembro.

A disposición derradeira sétima reforma o Real decreto lei 10/2008, do 12 de decembro, polo que se adoptan medidas financeiras para a mellora da liquidez das pequenas e medianas empresas e outras medidas económicas complementarias, para evitar que as empresas incorran en causa legal de redución de capital e, se for o caso, de disolución a causa das perdas. A culminación da reestruturación do sector financeiro e a posta en marcha da Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria (Sareb) están influíndo no sector inmobiliario e no reaxuste de prezos dos activos inmobiliarios. É previsible que tamén o faga a propia aprobación desta lei, o que fai aconsellable a aprobación dunha nova prórroga desta medida durante este ano. Ademais, a finais do ano pasado adoptáronse determinadas medidas fiscais que serán plenamente efectivas no presente exercicio.

A disposición derradeira oitava modifica o artigo 8 do Real decreto 1066/2007, do 27 de xullo, sobre o réxime das ofertas públicas de adquisición de valores, exceptuando a oferta pública de adquisición e a necesidade de solicitar, se for o caso, dispensa á Comisión Nacional do Mercado de Valores, cando se trate de operacións realizadas como consecuencia directa dun acordo de refinanciamento homologado xudicialmente, sempre que recibise informe favorable dun experto independente.

A disposición derradeira novena permite que as determinacións incluídas en normas regulamentarias que son obxecto de modificación por medio desta lei poidan ser modificadas por normas do rango regulamentario.

Por último, as disposicións derradeiras décima e décimo primeira regulan, respectivamente, os títulos competenciais en virtude dos cales se adopta a lei, e a súa entrada en vigor, que terá lugar o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Artigo único. *Modificación da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.*

A Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, modifícase nos seguintes termos:

Un. A redacción do artigo 5 bis pasa a ser a seguinte:

«Artigo 5 bis. *Comunicación de negociacións e efectos.*

1. O debedor poderá poñer en coñecemento do xulgado competente para a declaración do seu concurso que iniciou negociacións para alcanzar un acordo de refinanciamento dos previstos no artigo 71 bis.1 e na disposición adicional cuarta ou para obter adhesións a unha proposta anticipada de convenio nos termos previstos nesta lei.

No caso en que solicite un acordo extraxudicial de pagamento, unha vez que o mediador concursal proposto acepte o cargo, o rexistrador mercantil ou notario ao cal se solicitase a designación do mediador concursal deberá comunicar, de oficio, a apertura das negociacións ao xulgado competente para a declaración de concurso.

2. Esta comunicación poderase formular en calquera momento antes do vencemento do prazo establecido no artigo 5. Formulada a comunicación antes dese momento, non será exixible o deber de solicitar a declaración de concurso voluntario.

3. O secretario xudicial ordenará a publicación no Rexistro Público Concursal do extracto da resolución pola que se deixe constancia da comunicación presentada polo debedor ou, nos supostos de negociación dun acordo extraxudicial de pagamento, polo notario ou polo rexistrador mercantil, nos termos que regulamentariamente se determinen.

En caso de solicitar expresamente o debedor o carácter reservado da comunicación de negociacións, non se ordenará a publicación do extracto da resolución.

O debedor poderá solicitar o levantamento do carácter reservado da comunicación en calquera momento.

4. Desde a presentación da comunicación e até que se formalice o acordo de refinanciamento previsto no artigo 71 bis.1, ou se dite a providencia pola que se admita a trámite a solicitude de homologación xudicial do acordo de refinanciamento, ou se adopte o acordo extraxudicial, ou se obtivesen as adhesións necesarias para a admisión a trámite dunha proposta anticipada de convenio ou teña lugar a declaración de concurso, non se poderán iniciar execucións xudiciais ou extraxudiciais de bens ou dereitos que resulten necesarios para a continuidade da actividade profesional ou empresarial do debedor. As execucións dos ditos bens ou dereitos que estean en tramitación quedarán suspendidas coa presentación da resolución do secretario xudicial en que dea constancia da comunicación. As limitacións previstas nos incisos anteriores quedarán, en todo caso, levantadas unha vez transcorridos os prazos previstos no punto seguinte.

Tampouco se poderán iniciar ou, se for o caso, quedarán suspendidas as execucións singulares promovidas polos acredores de pasivos financeiros aos cales se refire a disposición adicional cuarta, sempre que se xustifique que unha porcentaxe non inferior ao 51 por cento de pasivos financeiros apoiou expresamente o inicio das negociacións encamiñadas á subscripción do acordo de refinanciamento, comprometéndose a non iniciar ou continuar execucións individuais fronte ao debedor mentres se negocia.

O disposto nos dous parágrafos anteriores non impedirá que os acredores con garantía real exerzan a acción real fronte aos bens e dereitos sobre os cales recaia a súa garantía sen prexuízo de que, unha vez iniciado o procedemento, quede paralizado mentres non transcorresen os prazos previstos no primeiro parágrafo deste punto.

Quedan, en todo caso, excluídos das previsións contidas neste punto os procedementos de execución que teñan por obxecto facer efectivos créditos de dereito público.

5. Transcorridos tres meses desde a comunicación ao xulgado, o debedor, alcanzase ou non un acordo de refinanciamento, ou un acordo extraxudicial de pagamentos ou as adhesións necesarias para a admisión a trámite dunha proposta anticipada de convenio, deberá solicitar a declaración de concurso dentro do mes hábil seguinte, a menos que xa o solicitase o mediador concursal ou non se encontre en estado de insolvencia.

6. Formulada a comunicación prevista neste artigo, o mesmo debedor non poderá formular outra no prazo dun ano.»

Dous. Modifícase o artigo 27, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. A administración concursal estará integrada por un único membro.

2. Unicamente poderán ser designadas as persoas físicas ou xurídicas que figuren inscritas na sección cuarta do Rexistro Público Concursal e que declarasen a súa disposición a exercer os labores de administrador concursal no ámbito de competencia territorial do xulgado do concurso.

3. Poderanse inscribir na sección cuarta do Rexistro Público Concursal as persoas físicas ou xurídicas que cumpran os requisitos que se determinen regulamentariamente. Estes requisitos poderanse referir á titulación requirida, á experiencia que hai que acreditar e á realización ou superación de probas ou cursos específicos. Poderanse exixir requisitos específicos para exercer como administrador concursal en concursos de tamaño medio e gran tamaño.

4. Para os efectos da designación da administración concursal distinguirase entre concursos de tamaño pequeno, medio ou grande. Regulamentariamente fíxanse tamén as características que permitan definir o tamaño do concurso.

5. A designación do administrador concursal recaerá na persoa física ou xurídica da lista da sección cuarta do Rexistro Público Concursal que corresponda por quenda correlativa e que, reunindo as condicións exixidas nos puntos anteriores manifestase, ao tempo de solicitar a súa inscrición no dito rexistro ou con posterioridade, a súa vontade de actuar no ámbito de competencia territorial do xulgado que o designe. A primeira designación da lista realizarase mediante sorteo.

Non obstante, nos concursos de gran tamaño, o xuíz, de maneira motivada, poderá designar un administrador concursal distinto do que corresponda á quenda correlativa cando considere que o perfil do administrador alternativo se adecua mellor ás características do concurso. O xuíz deberá motivar a súa designación atendendo a algún dos seguintes criterios: á especialización ou experiencia previa acreditada no sector de actividade do concursado, á experiencia con instrumentos financeiros empregados polo debedor para o seu financiamento ou con expedientes de modificación substancial das condicións de traballo ou de suspensión ou extinción colectiva das relacións laborais.

6. En caso de concurso dunha entidade de crédito, o xuíz nomeará o administrador concursal de entre os propostos polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria. Igualmente, nomeará administradores de entre os propostos pola Comisión Nacional do Mercado de Valores cando se trate de concursos de entidades suxeitas respectivamente á súa supervisión, ou polo Consorcio de Compensación de Seguros no caso de entidades aseguradoras.

7. Por excepción ao disposto no número 1, naqueles concursos en que exista unha causa de interese público que así o xustifique, o xuíz do concurso, de oficio ou por instancia dun acredor de carácter público, poderá nomear como segundo administrador concursal unha administración pública acreedora ou unha entidade de dereito público acreedora vinculada ou dependente dela. Neste suposto, a representación da Administración deberá recaer sobre algún empregado público con titulación universitaria, graduado ou licenciado, que desempeñe as súas

funcións no ámbito xurídico ou económico, e o seu réxime de responsabilidade será o específico da lexislación administrativa. Nestes casos, a representación da administración concursal fronte a terceiros recaerá sobre o primeiro administrador concursal.

A Administración pública acreedora ou a entidade vinculada a ela poderá renunciar ao nomeamento.

8. En supostos de concursos conexos, o xuíz competente para a súa tramitación poderá nomear, na medida en que isto resulte posible, unha administración concursal única, e designar auxiliares delegados.

En caso de acumulación de concursos xa declarados, o nomeamento poderá recaer nunha das administracións concursais xa existentes.»

Tres. Suprímese o artigo 27 bis.

Catro. Modifícase o artigo 28, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. Non poderán ser nomeadas administradores concursais as seguintes persoas:

a) Aquelas que non poidan ser administradores de sociedades anónimas ou de responsabilidade limitada.

b) Aquelas que prestasen calquera clase de servizos profesionais ao debedor ou a persoas especialmente relacionadas con este nos últimos tres anos, incluídas aquelas que durante ese prazo compartisen con aquel o exercicio de actividades profesionais da mesma ou diferente natureza.

c) Aquelas que, estando inscritas na sección cuarta do Rexistro Público Concursal, se encontren, calquera que sexa a súa condición ou profesión, nalgunha das situacións a que se refire o artigo 13 do Real decreto legislativo 1/2011, do 1 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de auditoría de contas, en relación co propio debedor, cos seus directivos ou administradores, ou cun acredor que represente máis do 10 por cento da masa pasiva do concurso.

d) Aquelas que estean especialmente relacionadas con algunha persoa que prestase calquera clase de servizos profesionais ao debedor ou a persoas especialmente relacionadas con el nos últimos tres anos.

2. No caso de que existan suficientes persoas dispoñibles na lista correspondente, non poderán ser nomeadas administradores concursais as persoas que fosen designadas para este cargo polo mesmo xulgado en tres concursos dentro dos dous anos anteriores. Para estes efectos, os nomeamentos efectuados en concursos de sociedades pertencentes ao mesmo grupo de empresas computaranse como un só.

Tampouco poderán ser nomeadas administradores concursais, nin designadas pola persoa xurídica cando se nomease esta como administrador concursal, aquelas que fosen separadas deste cargo dentro dos tres anos anteriores, nin aquelas que se encontren inhabilitadas, conforme o artigo 181, por sentenza firme de desaprobación de contas en concurso anterior.

3. Salvo para as persoas xurídicas inscritas na sección cuarta do Rexistro Público Concursal, non poderán ser nomeadas administradores concursais nun mesmo concurso aquelas que estean vinculadas entre si persoal ou profesionalmente. Para apreciar a vinculación persoal aplicaranse as regras establecidas no artigo 93.

Entenderase que están vinculadas profesionalmente as persoas entre as cales existan ou existisen nos dous anos anteriores á solicitude do concurso, de feito ou de dereito, relacións de prestación de servizos, de colaboración ou de dependencia, calquera que sexa o título xurídico que se poida atribuír ás ditas relacións.

4. Aplicaranse aos representantes da Comisión Nacional do Mercado de Valores, do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria, do Consorcio de Compensación de Seguros e de calquera administración pública acreedora as

normas contidas neste artigo, con excepción das prohibicións por razón de cargo ou función pública, das contidas no parágrafo segundo do número 3 deste artigo e das establecidas no número 2.2.º do artigo 93.

5. Non poderá ser nomeado administrador concursal quen, como experto independente, emitise o informe a que se refire o artigo 71 bis.4 desta lei en relación cun acordo de refinanciamento que alcanzase o debedor antes da súa declaración de concurso.»

Cinco. Modifícase o número 1 do artigo 30, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. Cando o nomeamento de administrador concursal recaia nunha persoa xurídica, esta, ao aceptar o cargo, deberá comunicar a identidade da persoa natural que deba representala e asumir a dirección dos traballos no exercicio do seu cargo.»

Seis. Suprímese o artigo 31.

Sete. Modifícase a numeración dos artigos 32 e 33, que pasa a ser 31 e 32, respectivamente.

Oito. Introdúcese un novo capítulo II no título II coa seguinte redacción:

«CAPÍTULO II

Funcións dos administradores concursais

Artigo 33. *Funcións da administración concursal.*

1. Son funcións dos administradores concursais, nos termos previstos nesta lei, as seguintes:

a) De carácter procesual:

1.º Exercer a acción contra o socio ou socios persoalmente responsables polas débedas anteriores á declaración de concurso.

2.º Exercer as accións de responsabilidade da persoa xurídica concursada contra os seus administradores, auditores ou liquidadores.

3.º Solicitar, se for o caso, o embargo de bens e dereitos dos administradores, liquidadores, de feito ou de dereito, apoderados xerais e daqueles que tivesen esta condición dentro dos dous anos anteriores á data de declaración do concurso, así como dos socios ou socios persoalmente responsables polas débedas da sociedade anteriores á declaración de concurso nos termos previstos no artigo 48 ter.

4.º Solicitar, se for o caso, o levantamento e a cancelación de embargos trabados cando o mantemento destes dificulte gravemente a continuidade da actividade profesional ou empresarial do concursado, con excepción dos embargos administrativos, respecto dos cales non se poderá acordar o levantamento ou a cancelación en ningún caso, de acordo co artigo 55.

5.º Enervar a acción de desafiuzamento exercida contra o debedor con anterioridade á declaración do concurso, así como rehabilitar a vixencia do contrato de arrendamento até o momento mesmo de se practicar o efectivo lanzamento.

6.º Exercer as accións rescisorias e demais de impugnación.

7.º Solicitar a execución da condena en caso de que o xuíz condenase administradores, apoderados ou socios a cubrir o déficit.

8.º Solicitar a transformación do procedemento abreviado en ordinario ou un procedemento ordinario en abreviado.

9.º Substituír o debedor nos procedementos xudiciais en trámite.

10.º Exercer as accións de índole non persoal.

b) Propias do debedor ou dos seus órganos de administración:

1.º Realizar, até a aprobación xudicial do convenio ou a apertura da liquidación, os actos de disposición que considere indispensables para garantir a viabilidade da empresa ou as necesidades de tesouraría que exixa a continuidade do concurso.

2.º Asistir os órganos colexiados da persoa xurídica concursada.

3.º Realizar os actos de disposición que non sexan necesarios para a continuidade da actividade cando se presenten ofertas que coincidan substancialmente co valor que se lles dese no inventario.

4.º Solicitar ao xuíz do concurso a revogación do nomeamento do auditor de contas e o nomeamento doutro para a verificación das contas anuais.

5.º Asumir, logo de atribución xudicial, o exercicio dos dereitos políticos que correspondan ao debedor noutras entidades.

6.º Reclamar o desembolso das achegas sociais que fosen diferidas.

7.º Rehabilitar os contratos de préstamo e demais de crédito a favor cuxo vencemento anticipado por impagamento de cotas de amortización ou de xuros devindicados se producise dentro dos tres meses precedentes á declaración de concurso, sempre que concorran as condicións do artigo 68.

8.º Rehabilitar os contratos de adquisición de bens mobles ou inmobles con contraprestación ou prezo aprazado cuxa resolución se producise dentro dos tres meses precedentes á declaración de concurso, conforme o disposto polo artigo 69.

9.º Solicitar autorización para que o administrador inhabilitado poida continuar á fronte da empresa.

10.º Convocar a xunta ou asemblea de socios para o nomeamento dos que deban cubrir as vacantes dos inhabilitados.

11.º Conceder ao debedor a conformidade para interpor demandas ou recursos, achantarse, transixir ou desistir cando a materia litixiosa poida afectar o seu patrimonio, salvo en accións de índole non persoal.

12.º No concurso necesario, substituír as facultades de administración e disposición sobre o patrimonio do debedor de conformidade co disposto polo artigo 40.2 e, en particular:

i) Adoptar as medidas necesarias para a continuación da actividade profesional ou empresarial.

ii) Formular e someter a auditoría as contas anuais.

iii) Solicitar ao xuíz a resolución de contratos con obrigacións recíprocas pendentes de cumprimento se o consideran conveniente para o interese do concurso.

iv) Presentar as declaracións e autoliquidacións tributarias.

13.º No concurso voluntario, intervir as facultades de administración e disposición sobre o patrimonio do debedor de conformidade co disposto polo artigo 40.1 e, en particular:

i) Supervisar a formulación de contas.

ii) Determinar os actos ou operacións propios do xiro ou tráfico que, por seren necesarios para a continuidade da actividade, quedan autorizados con carácter xeral.

iii) Autorizar ou confirmar os actos de administración e disposición do órgano de administración.

iv) Concederlle ao debedor a autorización para desistir, achantarse total ou parcialmente e transixir litixios cando a materia litixiosa poida afectar o seu patrimonio.

v) Autorizar a interposición de demandas.

vi) Presentar as declaracións e autoliquidacións tributarias.

c) En materia laboral:

1.º Executar as resolucións xudiciais que recaesen na data da declaración de concurso sobre expedientes de modificación substancial das condicións de traballo de carácter colectivo.

2.º Solicitar do xuíz do concurso a modificación substancial das condicións de traballo e a extinción ou suspensión colectivas dos contratos de traballo en que sexa empregador o concursado.

3.º Intervir nos expedientes sobre modificación substancial das condicións de traballo de carácter colectivo iniciados durante o concurso e, se for o caso, acordalos cos representantes dos traballadores.

4.º Extinguir ou suspender os contratos do concursado co persoal de alta dirección.

5.º Solicitar do xuíz que o pagamento das indemnizacións derivadas dos contratos de alta dirección se aprace até que sexa firme a sentenza de cualificación.

d) Relativas a dereitos dos acredores:

1.º Modificar a orde de pagamento dos créditos contra a masa cando o considere conveniente nos termos previstos no artigo 84.3.

2.º Elaborar a lista de acredores, determinar a inclusión ou exclusión na lista de acredores dos créditos postos de manifesto no procedemento, resolver a inclusión de novos créditos na lista de acredores definitiva e informar sobre a inclusión de novos créditos na lista de acredores definitiva antes da aprobación da proposta de convenio.

3.º Solicitar a apertura da fase de liquidación en caso de cesamento da actividade profesional ou empresarial.

4.º Comunicarlles aos titulares de créditos con privilexio especial que opta por atender o seu pagamento con cargo á masa e sen realización dos bens e dereitos afectos.

5.º Pedir ao xuíz a subsistencia do gravame en caso de venda de bens afectos a privilexio especial.

6.º Solicitar ao xuíz a realización de pagamentos de créditos ordinarios con antelación cando considere suficientemente cuberto o pagamento dos créditos contra a masa e dos privilexiados.

e) Funcións de informe e avaliación:

1.º Presentar ao xuíz o informe previsto no artigo 75.

2.º Realizar o inventario da masa activa co contido do artigo 82.

3.º Propor ao xuíz o nomeamento de expertos independentes.

4.º Avaliar o contido da proposta anticipada de convenio.

5.º Realizar a lista de acredores e inventario definitivos de conformidade co previsto no artigo 96.5.

6.º Avaliar o contido do convenio, en relación co plan de pagamentos e, se for o caso, co plan de viabilidade que o acompañe.

7.º Informar sobre a venda como un todo da empresa do debedor.

8.º Presentar ao xuíz do concurso informes trimestrais sobre o estado das operacións de liquidación e un informe final xustificativo das operacións realizadas na liquidación.

9.º Presentar ao xuíz un informe razoado e documentado sobre os feitos relevantes para a cualificación do concurso, con proposta de resolución de concurso culpable ou fortuíto.

10.º Informar antes de que o xuíz acorde a conclusión do concurso polo pagamento da totalidade dos créditos ou por renuncia da totalidade dos acredores recoñecidos.

11.º Actualizar o inventario e a lista de acredores formados no procedemento en caso de reapertura.

f) Funcións de realización de valor e liquidación:

1.º Substituír os administradores ou liquidadores cando se abra a fase de liquidación.

2.º Presentar ao xuíz un plan de liquidación para a realización dos bens e dereitos integrados na masa activa do concurso.

3.º Solicitar ao xuíz a venda directa de bens afectos a créditos con privilexio especial.

g) Funcións de secretaría:

1.º Comunicación electrónica da declaración de concurso á Axencia Estatal da Administración Tributaria e á Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

2.º Comunicar aos acredores a declaración de concurso e a obrigación de comunicar os seus créditos.

3.º Comunicar aos acredores a lista de acredores provisional prevista no artigo 95.

4.º Recibir as comunicacións de créditos dos acredores.

5.º Asistir o secretario do xulgado na xunta de acredores ou presidila cando así o acorde o xuíz.

6.º Asistir a xunta de acredores.

7.º Informar da declaración de concurso aos acredores coñecidos que teñan a súa residencia habitual, domicilio ou sede no estranxeiro.

8.º Solicitar a publicidade rexistral no estranxeiro do auto de declaración e doutros actos do procedemento cando así conveña aos intereses do concurso.

9.º Exixir a tradución para o castelán dos escritos de comunicación de créditos de acredores estranxeiros.

10.º Realizar as comunicacións telemáticas previstas na lei.

h) Calquera outra que esta ou outras leis lles atribúan.

2. As funcións previstas neste artigo exerceranse conforme as previsións específicas para as distintas clases de concursos e fases do proceso concursal.»

Nove. Modifícase a numeración do capítulo II do título II, que pasa a ser capítulo III.

Dez. Modifícase o artigo 34, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. Os administradores concursais terán dereito a retribución con cargo á masa, salvo cando se trate do persoal das entidades a que se refire o artigo 27.6.

2. A retribución da administración concursal determinarase mediante un arancel que se aprobará regulamentariamente e que atenderá ao número de acredores, á acumulación de concursos e ao tamaño do concurso segundo a clasificación considerada para os efectos da designación da administración concursal.

O arancel axustarase necesariamente ás seguintes regras:

a) Exclusividade. Os administradores concursais só poderán percibir pola súa intervención no concurso as cantidades que resulten da aplicación do arancel.

b) Limitación. A administración concursal non poderá ser retribuída por encima da cantidade máxima que se fixe regulamentariamente para o conxunto do concurso.

c) Efectividade. Naqueles concursos en que a masa sexa insuficiente, garantirase o pagamento dun mínimo retributivo establecido regulamentariamente mediante unha conta de garantía arancelaria que se dotará con achegas obrigatorias dos administradores concursais. Estas dotacións detraeranse das

retribucións que efectivamente perciban os administradores concursais nos concursos en que actúen na porcentaxe que se determine regulamentariamente.

d) Eficiencia. A retribución da administración concursal devindicarase conforme se vaian cumprindo as funcións previstas no artigo 33. A retribución inicialmente fixada poderá ser reducida polo xuíz de maneira motivada polo incumprimento das obrigacións da administración concursal, por un atraso atribuíble á administración concursal no cumprimento das súas obrigacións ou pola calidade deficiente dos seus traballos.

En todo caso, considerarase que a calidade do traballo é deficiente e deberase reducir a retribución, salvo que o xuíz, atendendo a circunstancias obxectivas ou á conduta dilixente do administrador, resolva o contrario, cando a administración concursal incumpra calquera obrigación de información aos acredores, cando exceda en máis dun cincuenta por cento calquera prazo que deba observar ou cando se resolvan impugnacións sobre o inventario ou a lista de acredores en favor dos demandantes por unha proporción igual ou superior ao dez por cento do valor da masa activa ou da masa pasiva presentada pola administración concursal no seu informe. Neste último caso, a retribución será reducida ao menos na mesma proporción.

3. O xuíz fixará por medio de auto e conforme o arancel a contía da retribución, así como os prazos en que deba ser satisfeita.

4. En calquera estado do procedemento, o xuíz, de oficio ou por solicitude de debedor ou de calquera acredor, poderá modificar a retribución fixada, se concorrer xusta causa e aplicando o arancel a que se refire o número 2 deste artigo.

5. O auto polo que se fixe ou modifique a retribución dos administradores concursais publicarase no Rexistro Público Concursal e será apelable polo administrador concursal e polas persoas lexitimadas para solicitar a declaración de concurso.»

Once. Modifícase o artigo 37, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. Cando concorra xusta causa, o xuíz, de oficio ou por instancia de calquera das persoas lexitimadas para solicitar a declaración de concurso ou de calquera dos demais membros da administración concursal, poderá separar do cargo os administradores concursais ou revogar o nomeamento dos auxiliares delegados.

En todo caso será causa de separación do administrador, salvo que o xuíz, atendendo a circunstancias obxectivas, resolva o contrario, o incumprimento grave das funcións de administrador e a resolución de impugnacións sobre o inventario ou a lista de acredores en favor dos demandantes por unha contía igual ou superior ao vinte por cento do valor da masa activa ou da lista de acredores presentada pola administración concursal no seu informe.

2. A separación do representante dunha persoa xurídica implicará o seu cesamento automático como administrador concursal.

3. A resolución xudicial de cesamento revestirá forma de auto, no cal se consignarán os motivos en que o xuíz funde a súa decisión.

4. Do contido do auto a que se refire o punto anterior, o secretario xudicial dará coñecemento ao rexistro público previsto no artigo 198.»

Doce. O artigo 56 queda redactado nos seguintes termos:

«1. Os acredores con garantía real sobre bens do concursado que resulten necesarios para a continuidade da súa actividade profesional ou empresarial non poderán iniciar a execución ou realización forzosa da garantía até que se aprobe un convenio cuxo contido non afecte o exercicio deste dereito ou transcorra un ano desde a declaración de concurso sen que se producise a apertura da liquidación. En particular, non se considerarán necesarias para a continuación da actividade as accións ou participacións de sociedades destinadas en exclusiva á tenza dun activo

e do pasivo necesario para o seu financiamento, sempre que a execución da garantía constituída sobre elas non supoña causa de resolución ou modificación das relacións contractuais que permitan ao concursado manter a explotación do activo.

Tampouco se poderán exercer durante ese tempo:

a) As accións tendentes a recuperar os bens vendidos a prazos ou financiados con reserva de dominio mediante contratos inscritos no Rexistro de Bens Mobles.

b) As accións resolutorias de vendas de inmobles por falta de pagamento do prezo aprazado, aínda que deriven de condicións explícitas inscritas no Rexistro da Propiedade.

c) As accións tendentes a recuperar os bens cedidos en arrendamento financeiro mediante contratos inscritos nos Rexistros da Propiedade ou de Bens Mobles ou formalizados en documento que comporte execución.

2. As actuacións xa iniciadas en exercicio das accións a que se refire o punto anterior suspenderanse, se non foron suspendidas en virtude do disposto no artigo 5 bis, desde que a declaración do concurso, sexa ou non firme, conste no correspondente procedemento, aínda que xa estean publicados os anuncios de poxa do ben ou dereito. Só se alzará a suspensión da execución e se ordenará que continúe cando se incorpore ao procedemento testemuño da resolución do xuíz do concurso que declare que os bens ou dereitos non son necesarios para a continuidade da actividade profesional ou empresarial do debedor.

3. Durante a paralización das accións ou a suspensión das actuacións e calquera que sexa o estado de tramitación do concurso, a administración concursal poderá exercer a opción prevista no número 2 do artigo 155.

4. A declaración de concurso non afectará a execución da garantía cando o concursado teña a condición de terceiro posuidor do ben obxecto desta.

5. Para os efectos do disposto neste artigo e no anterior, corresponderá ao xuíz do concurso determinar se un ben do concursado resulta necesario para a continuidade da actividade profesional ou empresarial do debedor.»

Trece. Suprímese o número 6 do artigo 71 e o número 7 pasa a ser número 6.

Catorce. O artigo 71 bis queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 71 bis. *Réxime especial de determinados acordos de refinanciamento.*

1. Non serán rescindibles os acordos de refinanciamento alcanzados polo debedor, así como os negocios, actos e pagamentos, calquera que sexa a natureza e a forma en que se realizasen, e as garantías constituídas en execución deles, cando:

a) En virtude destes se proceda, ao menos, á ampliación significativa do crédito dispoñible ou á modificación ou extinción das súas obrigacións, ben mediante prórroga do seu prazo de vencemento ben mediante o establecemento doutras contraídas en substitución daquelas, sempre que respondan a un plan de viabilidade que permita a continuidade da actividade profesional ou empresarial no curto e medio prazo; e

b) Con anterioridade á declaración do concurso:

1.º O acordo fose subscrito por acredores cuxos créditos representen ao menos tres quintos do pasivo do debedor na data de adopción do acordo de refinanciamento. No caso de acordos de grupo, a porcentaxe sinalada calcularase tanto en base individual, en relación con todas e cada unha das sociedades afectadas, como en base consolidada, en relación cos créditos de cada grupo ou subgrupo afectados e excluindo en ambos os casos do cómputo do pasivo os préstamos e créditos concedidos por sociedades do grupo.

2.º Se emita certificación do auditor de contas do debedor sobre a suficiencia do pasivo que se exige para adoptar o acordo. De non existir, será auditor o nomeado para o efecto polo rexistrador mercantil do domicilio do debedor e, se este for un grupo ou subgrupo de sociedades, o da sociedade dominante.

3.º O acordo fose formalizado en instrumento público ao cal se terán unido todos os documentos que xustifiquen o seu contido e o cumprimento dos requisitos anteriores.

2. Tampouco serán rescindibles aqueles actos que, realizados con anterioridade á declaración de concurso, non se poidan acoller ao número anterior pero cumpran todas as condicións seguintes, xa sexa de forma individual ou conxuntamente con outros que se realizasen en execución do mesmo acordo de refinanciamento:

- a) Que incrementen a proporción previa de activo sobre pasivo.
- b) Que o activo corrente resultante sexa superior ou igual ao pasivo corrente.
- c) Que o valor das garantías resultantes a favor dos acredores intervinientes non exceda os nove décimos do valor da débeda pendente a favor deles, nin da proporción de garantías sobre débeda pendente que tivesen con anterioridade ao acordo. Enténdese por valor das garantías o definido no número 2 da disposición adicional cuarta.
- d) Que o tipo de xuro aplicable á débeda subsistente ou resultante do acordo de refinanciamento a favor do ou dos acredores intervinientes non exceda en máis dun terzo o aplicable á débeda previa.
- e) Que o acordo fose formalizado en instrumento público outorgado por todas as partes intervinientes nel, e con constancia expresa das razóns que xustifican, desde o punto de vista económico, os diversos actos e negocios realizados entre o debedor e os acredores intervinientes, con especial mención das condicións previstas nas letras anteriores.

Para verificar o cumprimento das condicións a) e b) anteriores teranse en conta todas as consecuencias de índole patrimonial ou financeira, incluídas as fiscais, as cláusulas de vencemento anticipado ou outras similares, derivadas dos actos que se leven a cabo, mesmo cando se produzan con respecto a acredores non intervinientes.

O cumprimento de todas as condicións anteriores deberá darse no momento da subscripción do instrumento público en que se recollan os acordos.

3. Os acordos regulados neste artigo unicamente serán susceptibles de impugnación de conformidade co disposto no número segundo do artigo seguinte.

4. Tanto o debedor como os acredores poderán solicitar o nomeamento dun experto independente para que emita informe sobre o carácter razoable e realizable do plan de viabilidade, sobre a proporcionalidade das garantías conforme condicións normais de mercado no momento da sinatura do acordo, así como as demais mencións que, se for o caso, prevexa a normativa aplicable. Cando o informe contiver reservas ou limitacións de calquera clase, a súa importancia deberá ser expresamente avaliada polos asinantes do acordo.

O nomeamento dun experto independente corresponderalle ao rexistrador mercantil do domicilio do debedor. Se o acordo de refinanciamento afectar varias sociedades do mesmo grupo, o informe poderá ser único e elaborado por un só experto, designado polo rexistrador do domicilio da sociedade dominante, se estiver afectada polo acordo ou, no seu defecto, polo do domicilio de calquera das sociedades do grupo.

O nomeamento farase entre profesionais que resulten idóneos para a función. Estes expertos quedarán sometidos ás condicións do artigo 28 e ás causas de incompatibilidade establecidas para os auditores na lexislación de auditoría de contas.»

Quince. O número 2 do artigo 72 queda redactado nos seguintes termos:

«2. Soamente a administración concursal estará lexitimada para o exercicio da acción rescisoria e demais de impugnación que se poidan presentar contra os acordos de refinanciamento do artigo 71 bis. A acción rescisoria só se poderá fundar no incumprimento das condicións previstas no dito artigo e corresponderalle a quen exerza a acción a proba de tal incumprimento. Para o exercicio destas accións non será de aplicación a lexitimación subsidiaria prevista no número anterior.»

Dezaseis. O número 2.11.º do artigo 84 queda redactado nos seguintes termos:

«11.º O cincuenta por cento dos créditos que supoñan novos ingresos de tesouraría e fosen concedidos no marco dun acordo de refinanciamento, nas condicións previstas no artigo 71 bis ou na disposición adicional cuarta.

En caso de liquidación, os créditos concedidos ao concursado no marco dun convenio conforme o disposto no artigo 100.5.

Esta clasificación non se aplica aos ingresos de tesouraría realizados polo propio debedor ou por persoas especialmente relacionadas a través dunha operación de aumento de capital, préstamos ou actos con análoga finalidade.»

Dezasete. O ordinal 5.º do artigo 92 queda redactado nos seguintes termos:

«5.º Os créditos de que for titular algunha das persoas especialmente relacionadas co debedor a que se refire o artigo seguinte, excepto os comprendidos no artigo 91.1.º cando o debedor sexa persoa natural e os créditos diferentes dos préstamos ou actos con análoga finalidade dos que sexan titulares os socios a que se refire o artigo 93.2.1.º e 3.º que reúnan as condicións de participación no capital que alí se indican.

Os acredores que capitalizasen directa ou indirectamente todo ou parte dos seus créditos en cumprimento dun acordo de refinanciamento adoptado de conformidade co artigo 71 bis ou coa disposición adicional cuarta non terán a consideración de persoas especialmente relacionadas co concursado para os efectos da cualificación dos créditos que teñan contra o debedor como consecuencia do refinanciamento que lle outorgasen en virtude do dito acordo.»

Dezaoito. O ordinal 2.º do número 2 do artigo 93 queda redactado nos seguintes termos:

«2.º Os administradores, de dereito ou de feito, os liquidadores do concursado persoa xurídica e os apoderados con poderes xerais da empresa, así como os que o fosen dentro dos dous anos anteriores á declaración de concurso. Salvo proba en contrario, non terán a consideración de administradores de feito os acredores que subscribisen o acordo de refinanciamento previsto polo artigo 71 bis ou pola disposición adicional cuarta, polas obrigacións que asuma o debedor en relación co plan de viabilidade.»

Dezanove. Engádese un ordinal 4.º ao artigo 165 do seguinte teor:

«4.º Se negasen sen causa razoable á capitalización de créditos ou unha emisión de valores ou instrumentos convertibles frustrando a consecución dun acordo de refinanciamento dos previstos no artigo 71 bis.1 ou na disposición adicional cuarta. Para estes efectos, presumirase que a capitalización obedece a unha causa razoable cando así se declare mediante informe emitido, con anterioridade á negativa do debedor, por un experto independente nomeado de conformidade co disposto polo artigo 71 bis 4. Se houber máis dun informe, deberán coincidir en tal apreciación a maioría dos informes emitidos.

En todo caso, para que a negativa á súa aprobación determine a culpabilidade do concurso, o acordo proposto deberá recoñecer en favor dos socios do debedor un dereito de adquisición preferente sobre as accións, participacións, valores ou instrumentos convertibles subscritos polos acredores, como resultado da capitalización ou emisión proposta, en caso de alleamento ulterior destes. Non obstante, o acordo proposto poderá excluír o dereito de adquisición preferente nas transmisións realizadas polo acredor a unha sociedade do seu mesmo grupo ou a calquera entidade que teña por obxecto a tenza e administración de participacións no capital doutras entidades. En calquera caso, entenderase por alleamento o realizado en favor dun terceiro polo propio acredor ou polas sociedades ou entidades a que se refire o inciso anterior.»

Vinte. O ordinal 1.º do número 2 do artigo 172 queda redactado nos seguintes termos:

«1.º A determinación das persoas afectadas pola cualificación, así como, se for o caso, a das declaradas cómplices. En caso de persoa xurídica, poderán ser considerados persoas afectadas pola cualificación os administradores ou liquidadores, de feito ou de dereito, os apoderados xerais, e os que tivesen calquera destas condicións dentro dos dous anos anteriores á data da declaración de concurso, así como os socios que se negasen sen causa razoable á capitalización de créditos ou a unha emisión de valores ou instrumentos convertibles nos termos previstos no ordinal 4.º do artigo 165, en función do seu grao de contribución á formación da maioría necesaria para o rexeitamento do acordo. Se algunha das persoas afectadas o for como administrador ou liquidador de feito, a sentenza deberá motivar a atribución desa condición.

A presunción contida no número 4 do artigo 165 non resultará de aplicación aos administradores que tivesen recomendado a recapitalización baseada en causa razoable, mesmo cando esta for posteriormente rexeitada polos socios.»

Vinte e un. O número 1 do artigo 172 bis queda redactado nos seguintes termos:

«1. Cando a sección de cualificación fose formada ou reaberta como consecuencia da apertura da fase de liquidación, o xuíz poderá condenar todos ou algúns dos administradores, liquidadores, de dereito ou de feito, ou apoderados xerais, da persoa xurídica concursada, así como os socios que se negasen sen causa razoable á capitalización de créditos ou a unha emisión de valores ou instrumentos convertibles nos termos previstos no ordinal 4.º do artigo 165, que fosen declarados persoas afectadas pola cualificación á cobertura, total ou parcial, do déficit, na medida que a conduta que determinou a cualificación culpable xerase ou agravase a insolvencia.

Se o concurso fose xa cualificado como culpable, en caso de reapertura da sección sexta por incumprimento do convenio, o xuíz atenderá, para fixar a condena ao déficit do concurso, tanto aos feitos declarados probados na sentenza de cualificación como aos determinantes da reapertura.

En caso de pluralidade de condenados, a sentenza deberá individualizar a cantidade que deberá satisfacer cada un deles, de acordo coa participación nos feitos que determinaron a cualificación do concurso.»

Vinte e dous. Modifícase o número 1 do artigo 198, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. O Rexistro Público Concursal levarase baixo a dependencia do Ministerio de Xustiza e constará de catro seccións:

a) Na sección primeira, de edictos concursais, inseriranse, ordenadas por concursado e datas, as resolucións que se deban publicar conforme o previsto no artigo 23 e en virtude de mandamento remitido polo secretario xudicial.

b) Na sección segunda, de publicidade rexistral, faranse constar, ordenadas por concursado e datas, as resolucións rexistrais anotadas ou inscritas en todos os rexistros públicos de persoas referidos no artigo 24.1, 2 e 3, incluídas as que declaren concursados culpables e en virtude de certificacións remitidas de oficio polo encargado do rexistro unha vez practicado o correspondente asento.

c) Na sección terceira, de acordos extraxudiciais, farase constar a apertura das negociacións para alcanzar tales acordos e a súa finalización.

d) Na sección cuarta, de administradores concursais e auxiliares delegados, inscribíranse as persoas físicas e xurídicas que cumpran os requisitos que se establezan regulamentariamente para poder ser designado administrador concursal e manifestasen a súa vontade de exercer como administrador concursal, con indicación do administrador cuxa designación secuencial corresponda en cada xulgado mercantil e en función do tamaño de cada concurso. Tamén se inscribírán os autos polos que se designen, inhabiliten ou separen os administradores concursais, así como os autos en que se fixe ou modifique a súa remuneración.

Cando un administrador concursal sexa separado nos termos do artigo 37, procederáse á baixa cautelar do administrador concursal separado.

No caso de persoas físicas, indícarase o nome, enderezo profesional, correo electrónico, número de identificación fiscal, ámbito territorial en que se declara a disposición para exercer e sinaláranse todas as persoas xurídicas inscritas na sección cuarta coas que se encontren relacionadas. Adicionalmente, indícarase a experiencia en todos os concursos previos, sinalando a identidade do debedor, o sector de actividade da súa razón social e o tipo de procedemento e a remuneración percibida.

No caso das persoas xurídicas, indícarase o nome, domicilio social, forma xurídica, correo electrónico, enderezo de cada oficina en que se realice a súa actividade e o ámbito territorial en que se declara a disposición para exercer. Tamén se sinalará o nome, enderezo de cada un dos socios e de calquera persoa física inscrita na sección cuarta que preste os seus servizos para a persoa xurídica. Así mesmo, consignárase toda a información sobre a experiencia nos concursos previos do parágrafo anterior, indicando a persoa física encargada da dirección dos traballos e da representación da persoa xurídica.»

Vinte e tres. A disposición adicional cuarta queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional cuarta. *Homologación dos acordos de refinanciamento.*

1. Poderase homologar xudicialmente o acordo de refinanciamento que, tendo sido subscrito por acredores que representen ao menos o 51 por cento dos pasivos financeiros, reúna, no momento da súa adopción, as condicións previstas na letra a) e nos ordinais 2.º e 3.º da letra b) do número 1 do artigo 71 bis. Os acordos adoptados pola maioría descrita non poderán ser obxecto de rescisión conforme o disposto no número 13 desta disposición. Para estender os seus efectos serán necesarias as maiorías exixidas nos números seguintes desta disposición.

Non se terán en conta, para efectos do cómputo das maiorías indicadas nesta disposición, os pasivos financeiros titularidade de acredores que teñan a consideración de persoa especialmente relacionada conforme o número 2 do artigo 93, os que, non obstante, poderán quedar afectados pola homologación prevista nesta disposición adicional.

Para os efectos desta disposición, terán a consideración de acredores de pasivos financeiros os titulares de calquera endebedamento financeiro, con independencia de que estean ou non sometidos a supervisión financeira. Quedan excluídos de tal concepto os acredores por créditos laborais, os acredores por operacións comerciais e os acredores de pasivos de dereito público.

Para os efectos do cómputo das maiorías necesarias para a homologación xudicial dun acordo de refinanciamento e a extensión dos seus efectos a acredores non participantes ou disidentes, entenderase, en caso de acordos suxeitos a un réxime ou pacto de sindicación, que os acredores subscriben o acordo de refinanciamento cando voten ao seu favor os que representen ao menos o 75 por cento do pasivo representado polo acordo, salvo que as normas que regulan a sindicación establezan unha maioría inferior, caso en que será de aplicación esta última.

Voluntariamente poderanse adherir ao acordo de refinanciamento homologado os demais acredores que non o sexan de pasivos financeiros nin de pasivos de dereito público. Estas adhesións non se terán en conta para efectos do cómputo das maiorías previstas nesta disposición.

2. Para os efectos da presente disposición entenderase por valor da garantía real de que goce cada acredor o resultante de deducir, dos nove décimos do valor razoable do ben sobre o cal estea constituída a dita garantía, as débedas pendentes que gocen de garantía preferente sobre o mesmo ben, sen que, en ningún caso, o valor da garantía poida ser inferior a cero nin superior ao valor do crédito do acredor correspondente.

Para estes exclusivos efectos, enténdese por valor razoable:

a) En caso de valores mobiliarios que coticen nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado ou en instrumentos do mercado monetario, o prezo medio ponderado ao cal fosen negociados nun ou varios mercados regulados no último trimestre anterior á data de inicio das negociacións para alcanzar o acordo de refinanciamento, de conformidade coa certificación emitida pola sociedade reitora do mercado secundario oficial ou do mercado regulado de que se trate.

b) En caso de bens inmobles, o resultante de informe emitido por unha sociedade de taxación homologada e inscrita no Rexistro Especial do Banco de España.

c) En caso de bens distintos dos sinalados nas letras anteriores, o resultante de informe emitido por experto independente de conformidade cos principios e coas normas de valoración xeralmente recoñecidos para eses bens.

Os informes previstos nas letras b) e c) non serán necesarios cando o dito valor fose determinado por un experto independente, dentro dos seis meses anteriores á data de inicio das negociacións para alcanzar o acordo de refinanciamento.

Se concorreren novas circunstancias que poidan modificar significativamente o valor razoable dos bens, deberá achegarse novo informe de experto independente.

A designación do experto independente nos supostos previstos neste número realizarase de conformidade co artigo 71 bis.4.

No caso de que a garantía a favor dun mesmo acredor recaia sobre varios bens, sumarase a resultante de aplicar sobre cada un dos bens a regra do parágrafo primeiro, sen que o valor conxunto das garantías poida tampouco exceder o valor do crédito do acredor correspondente.

En caso de garantía constituída en *pro indiviso* a favor de dous ou máis acredores, o valor da garantía correspondente a cada acredor será o resultante de aplicar ao valor total da garantía a proporción que nesta corresponda a cada un deles, segundo as normas e acordos que rexan o *pro indiviso*, sen prexuízo das normas que, se for o caso, resulten de aplicación aos préstamos sindicados.

3. Aos acredores de pasivos financeiros que non subscribisen o acordo de refinanciamento ou que mostrasen a súa desconformidade con el e cuxos créditos non gocen de garantía real ou pola parte dos créditos que exceda o valor da garantía real, estenderánselles, pola homologación xudicial, os seguintes efectos acordados no acordo de refinanciamento:

a) Se o acordo foi subscrito por acredores que representen ao menos o 60 por cento do pasivo financeiro, as esperas, xa sexan de principal, de xuros ou de

calquera outra cantidade debida, cun prazo non superior a cinco anos, ou a conversión de débeda en préstamos participativos durante o mesmo prazo.

b) Se o acordo foi subscrito por acredores que representen ao menos o 75 por cento do pasivo financeiro, as seguintes medidas:

1.º As esperas cun prazo de cinco anos ou máis, pero en ningún caso superior a dez.

2.º As quitacións.

3.º A conversión de débeda en accións ou participacións da sociedade debedora. Neste caso:

i) Os acredores que non subscribisen o acordo de refinanciamento ou que mostrasen a súa desconformidade con el poderán optar entre a conversión de débeda en capital ou unha quitación equivalente ao importe do nominal das accións ou participacións que lles correspondería subscribir ou asumir e, se for o caso, da correspondente prima de emisión ou de asunción. Na falta de indicación expresa, entenderase que os citados acredores optan pola referida quitación.

ii) O acordo de aumento de capital do debedor necesario para a capitalización de créditos deberao adoptar a maioría prevista, respectivamente, para as sociedades de responsabilidade limitada e anónimas nos artigos 198 e 201.1 do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo. Para efectos do artigo 301.1 do citado texto refundido da Lei de sociedades de capital, entenderase que os pasivos financeiros son líquidos, están vencidos e son exixibles.

4.º A conversión de débeda en préstamos participativos por un prazo de cinco anos ou máis, pero en ningún caso superior a dez, en obrigacións convertibles ou préstamos subordinados, en préstamos con xuros capitalizables ou en calquera outro instrumento financeiro de rango, vencemento ou características distintas da débeda orixinal.

5.º A cesión de bens ou dereitos aos acredores en pagamento da totalidade ou parte da débeda.

4. Pola homologación xudicial, estenderanse aos acredores de pasivos financeiros que non subscribisen o acordo de refinanciamento ou que amosasen a súa desconformidade con el, pola parte do seu crédito que non exceda o valor da garantía real, os efectos sinalados no número anterior, sempre que un ou máis dos ditos efectos fosen acordados, co alcance que se conveña, polas seguintes maiorías, calculadas en función da proporción do valor das garantías aceptantes sobre o valor total das garantías outorgadas:

a) Do 65%, cando se trate das medidas previstas na letra a) do punto anterior.

b) Do 80%, cando se trate das medidas previstas na letra b) do punto anterior.

5. A competencia para coñecer desta homologación corresponderá ao xuíz do mercantil que, se for o caso, sexa competente para a declaración do concurso de acredores.

A solicitude poderá ser formulada polo debedor ou por calquera acredor que subscribise o acordo de refinanciamento e xuntaráselle o acordo de refinanciamento adoptado, da certificación do auditor sobre a suficiencia das maiorías que se exixen para adoptar os acordos cos efectos previstos para cada caso, dos informes que, se é o caso, fosen emitidos por expertos independentes designados conforme o artigo 71 bis.4 e da certificación do acordo de aumento de capital en caso de que xa fose adoptado. Se se tivese emitido certificación, taxación ou informe dos previstos no número 2 desta disposición, tamén se xuntará á solicitude. O xuíz, examinada a solicitude de homologación, ditará providencia en que a admita a

trámite e declarará a paralización das execucións singulares até que se acorde a homologación.

O secretario xudicial ordenará a publicación da providencia no Rexistro Público Concursal por medio dun anuncio que conterá os datos que identifiquen o debedor, o xuíz competente, o número do procedemento xudicial de homologación, a data do acordo de refinanciamento e os efectos daquelas medidas que nel se conteñen, coa indicación de que o acordo está á disposición dos acredores no xulgado mercantil competente onde se depositase para a publicidade, mesmo telemática, do seu contido.

6. O xuíz outorgará a homologación sempre que o acordo reúna os requisitos previstos no número primeiro desta disposición e declarará a extensión de efectos que corresponda cando o auditor certifique a concorrencia das maiorías requiridas nos puntos terceiro ou cuarto.

A resolución pola cal se aprobe a homologación do acordo de refinanciamento adoptarase mediante un trámite de urxencia no prazo de quince días e publicarase mediante anuncio inserido no Rexistro Público Concursal e no «Boletín Oficial del Estado», por medio dun extracto que conterá os datos previstos no último parágrafo do número anterior.

7. Dentro dos quince días seguintes ao da publicación, os acredores de pasivos financeiros afectados pola homologación xudicial que non subscribisen o acordo de homologación ou que amosasen a súa desconformidade con el poderán impugna-la. Os motivos da impugnación limitaranse exclusivamente á concorrencia das porcentaxes exixidas nesta disposición e á valoración do carácter desproporcionado do sacrificio exixido.

Todas as impugnacións se tramitarán conxuntamente polo procedemento do incidente concursal, e darase traslado de todas elas ao debedor e ao resto dos acredores que son parte no acordo de refinanciamento para que se poidan opor á impugnación. A sentenza que resolva sobre a impugnación da homologación, que se deberá ditar nun prazo de 30 días, non será susceptible de recurso de apelación e daráselle a mesma publicidade prevista para a resolución de homologación.

8. Os efectos da homologación do acordo de refinanciamento prodúcense, en todo caso e sen posibilidade de suspensión, desde o día seguinte ao da publicación da sentenza no «Boletín Oficial del Estado».

9. Os acredores de pasivos financeiros que non subscribisen o acordo de homologación ou que amosasen a súa desconformidade con el pero resulten afectados pola homologación manterán os seus dereitos fronte aos obrigados solidariamente co debedor e fronte aos seus fiadores ou avalistas, os cales non poderán invocar nin a aprobación do acordo de refinanciamento nin os efectos da homologación en prexuízo daqueles. Respecto dos acredores financeiros que subscribisen o acordo de refinanciamento, o mantemento dos seus dereitos fronte aos demais obrigados, fiadores ou avalistas, dependerá do que se acordase na respectiva relación xurídica.

10. En execución do acordo de refinanciamento homologado, o xuíz poderá decretar a cancelación dos embargos que se practicasen nos procedementos de execución de débedas afectadas polo acordo de refinanciamento.

11. En caso de non cumprir o debedor os termos do acordo de refinanciamento, calquera acredor, adherido ou non a el, poderá solicitar, ante o mesmo xuíz que o homologase, a declaración do seu incumprimento, a través dun procedemento equivalente ao incidente concursal, do cal se dará traslado ao debedor e a todos os acredores comparecidos para que se poidan opor a ela.

Declarado o incumprimento, os acredores poderán instar a declaración de concurso de acredores ou iniciar as execucións singulares. A sentenza que resolva o incidente non será susceptible de recurso de apelación.

Se se executaren as garantías reais, e salvo que no acordo se pactase que en caso de incumprimento terá lugar á súa resolución, resultarán de aplicación as seguintes regras:

a) Se o importe obtido na execución exceder o da débeda orixinaria, ou o saldo pendente dela de non terse producido o acordo, considerarase a diferenza entre o primeiro e o segundo importe como sobrante para os efectos dos artigos 674 e 692 da Lei de axuízamento civil, 133 da Lei hipotecaria e concordantes.

b) Se a cantidade obtida na execución for menor que a débeda orixinaria, ou que o saldo pendente dela de non terse producido o acordo, pero maior que a resultante da aplicación do número 4 anterior, considerarase que non hai sobrante nin remanente e o acredor fará súa toda a cantidade resultante da execución.

c) Se a cantidade resultante da execución for inferior á resultante da aplicación do número 4 anterior, considerarase como parte remanente do crédito a diferenza entre ambas.

12. Solicitada unha homologación, o mesmo debedor non poderá solicitar outra no prazo dun ano.

13. Non poderán ser obxecto de accións de rescisión os acordos de refinanciamento homologados xudicialmente. O exercicio das demais accións de impugnación someterase ao disposto polo artigo 72.2.»

Disposición adicional primeira. *Tratamento das operacións refinanciadas ou reestruturadas como consecuencia dun acordo de refinanciamento.*

O Banco de España, no prazo dun mes, establecerá e fará públicos criterios homoxéneos para a clasificación como risco normal das operacións reestruturadas como consecuencia dun acordo de refinanciamento dos regulados polo artigo 71 bis ou pola disposición adicional cuarta da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.

Disposición adicional segunda. *Vixencia do réxime dos novos ingresos de tesouraría.*

1. Durante os dous anos seguintes á entrada en vigor desta lei non será de aplicación o réxime contido no punto 11 do número 2 do artigo 84 nin o ordinal 6.º do artigo 91 da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.

2. Neste prazo resultará aplicable o seguinte réxime xurídico:

1.º Terán a consideración de créditos contra a masa os créditos que supoñan novos ingresos de tesouraría e fosen concedidos no marco dun acordo de refinanciamento suscrito a partir da entrada en vigor desta lei, nas condicións previstas no artigo 71 bis ou na disposición adicional cuarta da Lei concursal, até o importe do novo ingreso de tesouraría.

2.º Esta clasificación tamén se aplicará aos créditos concedidos nos ditos acordos de refinanciamento polo propio debedor ou por persoas especialmente relacionadas, que supoñan novos ingresos de tesouraría, e até o importe do novo ingreso efectuado. En ningún caso terán a consideración de créditos contra a masa os ingresos de tesouraría realizados a través dunha operación de aumento de capital.

3.º Os xuros devindicados polos novos ingresos de tesouraría a que se refiren os números anteriores terán a cualificación prevista no ordinal 3.º do artigo 92 da Lei concursal.

4.º En caso de liquidación, tamén terán a consideración de créditos contra a masa os créditos concedidos ao concursado no marco dun convenio conforme o disposto no artigo 100.5 da Lei concursal.

3. Transcorrido un prazo de dous anos contado desde a data de concesión dos créditos descritos no número anterior, estes consideraranse créditos contra a masa nos termos indicados no punto 11 do número 2 do artigo 84 da Lei concursal.

Disposición adicional terceira. *Código de boas prácticas para a reestruturación viable da débeda empresarial.*

O Goberno impulsará o desenvolvemento dun código de boas prácticas para a reestruturación viable da débeda empresarial coas entidades de crédito, que ofrezca a pemes e autónomos altamente endebedados pero viables a posibilidade da reestruturación ou refinanciamento da débeda empresarial.

Disposición transitoria primeira. *Réxime transitorio.*

Nos acordos de refinanciamento que, no momento da entrada en vigor desta lei se estean negociando ao abeiro do artigo 71.6 da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, resultará de aplicación o réxime anterior á dita entrada en vigor se o debedor xa tivese solicitado do rexistrador mercantil a designación dun experto independente, salvo que as partes opten expresamente no acordo de refinanciamento pola aplicación do réxime contido no artigo 71 bis.1, na redacción dada pola presente lei.

Disposición transitoria segunda. *Réxime da administración concursal.*

As modificacións introducidas nos artigos 27, 34 e 198 da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, non entrarán en vigor até que o faga o seu desenvolvemento regulamentario, que se deberá aprobar, por iniciativa dos ministerios de Xustiza e de Economía e Competitividade, nun prazo máximo de seis meses.

Disposición derogatoria.

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ou contradigan o disposto na presente lei.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil.*

O título e o punto 1 do artigo 568 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, quedan redactados nos seguintes termos:

«Artigo 568. *Suspensión en caso de situacións concursais ou preconcursais.*

1. Non se ditará auto que autorice e despache a execución cando lle conste ao tribunal que o demandado se atopa en situación de concurso ou se efectuase a comunicación a que se refire o artigo 5 bis da Lei concursal e respecto aos bens determinados no dito artigo. Neste último caso, cando a execución afecte unha garantía real, terase por iniciada a execución para os efectos do artigo 57.3 da Lei concursal para o caso de que sobreveña finalmente o concurso malia a falta de despacho de execución.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo.*

Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2014, introdúcense as seguintes modificacións no texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo:

Un. Engádesse un parágrafo ao final do número 1 do artigo 15, coa seguinte redacción:

«As operacións de aumento de capital por compensación de créditos valoraranse fiscalmente polo importe do dito aumento desde o punto de vista mercantil, con independencia de cal sexa a valoración contable.»

Dous. Modifícase a letra b) do número 2 do artigo 15, que queda redactada da seguinte forma:

«b) Os achegados a entidades e os valores recibidos en contraprestación, salvo no suposto previsto no último parágrafo do número anterior.»

Tres. Modifícase o primeiro parágrafo do número 3 do artigo 15, que queda redactado da seguinte forma:

«3. Nos supostos previstos nas letras a), b), c) e d), a entidade transmitente integrará na súa base imponible a diferenza entre o valor normal de mercado dos elementos transmitidos e o seu valor contable. Non obstante, no suposto de aumento de capital por compensación de créditos, a entidade transmitente integrará na súa base imponible a diferenza entre o importe do aumento de capital, na proporción que lle corresponda, e o valor fiscal do crédito capitalizado.»

Catro. Engádesse un número 14 ao artigo 19, que queda redactado da seguinte forma:

«14. O ingreso correspondente ao rexistro contable de quitacións e esperas consecuencia da aplicación da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, imputarase na base imponible do debedor a medida que proceda rexistrar con posterioridade gastos financeiros derivados da mesma débeda e até o límite do citado ingreso.

Non obstante, no suposto de que o importe do ingreso a que se refire o parágrafo anterior sexa superior ao importe total de gastos financeiros pendentes de rexistrar, derivados da mesma débeda, a imputación daquel na base imponible realizarase proporcionalmente aos gastos financeiros rexistrados en cada período impositivo respecto dos gastos financeiros totais pendentes de rexistrar derivados da mesma débeda.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación do texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1993, do 24 de setembro.*

Modifícase o número 19 da letra B) do punto I do artigo 45 do texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1993, do 24 de setembro, que queda redactado da seguinte forma:

«19. As escrituras que conteñan quitacións ou minoracións das contías de préstamos, créditos ou outras obrigacións do debedor que se inclúan nos acordos de refinanciamento ou nos acordos extraxudiciais de pagamento establecidos na Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, sempre que, en todos os casos, o suxeito pasivo sexa o debedor.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación da disposición transitoria primeira da Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias.*

Suprímese o punto 6 da disposición transitoria primeira da Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias.

Disposición derradeira quinta. *Modificación da Lei 3/2009, do 3 de abril, sobre modificacións estruturais das sociedades mercantís.*

O punto 1 do artigo 50 da Lei 3/2009, do 3 de abril, sobre modificacións estruturais das sociedades mercantís, pasa a ter a seguinte redacción:

«1. Cando a sociedade absorbente for titular directa do noventa por cento ou máis, pero non da totalidade do capital da sociedade ou das sociedades anónimas ou de responsabilidade limitada que vaian ser obxecto de absorción, non serán necesarios os informes de administradores e de expertos sobre o proxecto de fusión, sempre que neste a sociedade absorbente lles ofrezca aos socios das sociedades absorbidas a adquisición das súas accións ou participacións sociais, estimadas no seu valor razoable, dentro dun prazo determinado que non poderá ser superior a un mes contado desde a data da inscrición da absorción no rexistro mercantil.»

Disposición derradeira sexta. *Modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.*

O último parágrafo do número 1 do artigo 9 da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, pasa a ter a seguinte redacción:

«En todo caso, son nulas as cláusulas pactadas entre as partes ou as prácticas que resulten contrarias aos requisitos para exixir os xuros de demora do artigo 6, ou aquelas que exclúan o cobramento do dito xuro de demora ou o da indemnización por custos de cobramento prevista no artigo 8. Tamén son nulas as cláusulas e prácticas pactadas polas partes ou as prácticas que exclúan o xuro de demora, ou calquera outra sobre o tipo legal de xuro de demora establecido con carácter subsidiario no número 2 do artigo 7, cando teña un contido abusivo en prexuízo do acredor, entendendo que será abusivo cando o xuro pactado sexa un 70 por cento inferior ao xuro legal de demora salvo que, atendendo ás circunstancias previstas neste artigo, se poida probar que o xuro aplicado non resulta abusivo. Esta posible modificación do xuro de demora, de acordo co previsto nesta lei, non será de aplicación ás operacións comerciais realizadas coa Administración.»

Disposición derradeira sétima. *Modificación do Real decreto lei 10/2008, do 12 de decembro, polo que se adoptan medidas financeiras para a mellora da liquidez das pequenas e medianas empresas, e outras medidas económicas complementarias.*

A disposición adicional única do Real decreto lei 10/2008, do 12 de decembro, polo que se adoptan medidas financeiras para a mellora da liquidez das pequenas e medianas empresas, e outras medidas económicas complementarias, queda redactada nos seguintes termos:

«1. Para os únicos efectos da determinación das perdas para a redución obrigatoria de capital regulada no artigo 327 do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, e para a disolución prevista no artigo 363.1.e) do citado texto refundido, así como respecto do cumprimento do orzamento obxectivo do concurso recollido no artigo 2 da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, non se computarán as perdas por deterioración recoñecidas nas contas anuais, derivadas do inmovilizado material, os investimentos inmobiliarios e as existencias ou de préstamos e partidas que se deban cobrar.

2. O disposto no punto anterior unicamente será de aplicación excepcional nos exercicios sociais que se pechen no ano 2014.»

Disposición derradeira oitava. *Modificación do Real decreto 1066/2007, do 27 de xullo, sobre o réxime das ofertas públicas de adquisición de valores.*

A letra d) do artigo 8 do Real decreto 1066/2007, do 27 de xullo, sobre o réxime das ofertas públicas de adquisición de valores, queda redactada nos seguintes termos:

«d) Adquisicións ou outras operacións procedentes da conversión ou capitalización de créditos en accións de sociedades cotizadas cuxa viabilidade financeira estea en perigo grave e inminente, aínda que non estea en concurso, sempre que se trate de operacións concibidas para garantir a recuperación financeira a longo prazo da sociedade.

Corresponderá á Comisión Nacional do Mercado de Valores acordar, nun prazo non superior a quince días contado desde a presentación da correspondente solicitude por calquera persoa interesada, que non resulta exixible unha oferta pública. Non será necesario o acordo de dispensa cando as operacións descritas nesta letra se realizen como consecuencia directa dun acordo de refinanciamento homologado xudicialmente conforme o previsto na disposición adicional cuarta da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, sempre que contase co informe favorable dun experto independente nos termos previstos polo artigo 71 bis 4 do citado texto legal.»

Disposición derradeira novena. *Modificación de disposicións regulamentarias.*

As determinacións incluídas en normas regulamentarias que son obxecto de modificación por esta lei poderán ser modificadas por normas do rango regulamentario correspondente á norma en que figuran.

Disposición derradeira décima. *Título competencial.*

A modificación da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, contida no artigo único desta lei, dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.6.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación mercantil e de lexislación procesual, sen prexuízo das necesarias especialidades que nesta orde deriven das particularidades do dereito substantivo das comunidades autónomas.

A disposición adicional primeira dítase ao abeiro do artigo 149.1.11.^a, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de ordenación de crédito, banca e seguros.

As demais modificacións de textos legais contidas nas disposicións derradeiras primeira a oitava da presente lei ampáranse no título competencial establecido na norma obxecto de modificación.

Disposición derradeira décimo primeira. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 30 de setembro de 2014.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY